

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

---

## A. Obxecto

Establecer a sistemática para a detección, e tratamento de non conformidades, investigación, análise das súas causas, e posta en marcha das accións correctivas para a solución das mesmas, e previr a aparición de novas desviacións pola mesma causa, así como o seguimento da eficacia das accións.

---

## B. Alcance

Toda actividade desenvolvida nos centros de traballo da Universidade de Vigo, así como toda actividade desenvolvida en centros ou lugares alleos á mesma, realizada polo persoal da Universidade de Vigo, o baixo a súa dependencia, e organización directa, onde se presenten non conformidades tanto con repercusión directa en materia de prevención de riscos laborais (xa sexa en produtos, materiais, prácticas de traballo), coma en xeral, en toda sistemática de funcionamento dentro da empresa, que non se desenvolva segundo os requisitos establecidos no SXPRL, ou onde se prevea a posible aparición de non conformidades.

---

## C. Histórico de revisións

Edición primeira.

---

## D. Documentación de referencia


Estándar OHSAS 18001.

	<i>Nome</i>	<i>Data</i>	<i>Selo e Sinatura</i>
<i>Elaborado por</i> Servizo de Prevención de Riscos Laborais (SPRL)	Mª. José Montero Vilariño. Mª. del Carmen Álvarez González.	05/04/2010	
<i>Revisado por</i> Comité de Seguridade e Saúde (CSS)	José Manuel García Vázquez.	21/09/2011	
<i>Aprobado por</i> Xerencia	Manuel Fernández Jauregui.	21/12/2011	

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

E. Contido



Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

---

## F. Comentarios do gráfico

1- Só as non conformidades clasificadas como accións inmediatas/puntuais poderán dar lugar a toma de medidas correctoras inmediatas, e puntuais de forma exclusiva.

2- As medidas inmediatas e puntuais son aquelas que en xeral, non derivan nun risco para a integridade física ou saúde das persoas, e que ademais, teñen ou implican un escaso (ou nulo) grao de complexidade, non provocan modificacións na planificación da actividade preventiva, nin supoñen a toma de accións correctivas, ou preventivas, xeradoras de cambios substanciais no Sistema de Xestión da Prevención de Riscos Laborais, e o carácter, e a elección da medida a tomar é indubitativo. A título só enunciativo, e ilustrativo móstranse como exemplo:

- Corrección da orde, e limpeza no lugar de traballo.
- Reposición do material da caixa de primeiros auxilios.
- Corrección sinxela e directa na sinalización ou accesibilidade dos equipos de protección contra incendios.
- Reposición de lámpadas, bombillas, ou focos, cando non impliquen traballos con risco especial.
- Puntual non utilización dun EPI, sempre que careza de significación grave para a seguridade e saúde da persoa.
- Pequenos descoidos na conservación dun EPI.

3- O Servizo de Prevención de Riscos Laborais poderá inspeccionar e verificar o estado das accións de calquera non conformidade, en calquera momento. Deixando constancia do resultado de dita inspección no "DRPRL-09-07: Libro de PRL do centro", que poderá xerar a toma de accións que se estime oportuna en función do caso, aplicándose a sistemática descrita neste procedemento.

---

## G. Rexistros

Identificación	Arquivo	Responsable	Recuperación	Tempo
DRPRL-15-01 NC, AC, AP	Centro / Oficina SPRL Soporte papel / soporte informático	SPRL	Por tempo	5 anos

Edición 1ª

Data de aplicación: 21/12/2011

---

## H. Indicadores

*Indicador: Cumprimento do prazo de AC, AP*

<i>Definición (ratio)</i>	<i>Unidade de medición</i>	<i>Valor de referencia</i>	<i>Responsable do seu seguimento</i>	<i>Periodicidade</i>
(Nº de accións correctivas-preventivas pechadas fora de prazo / Total de accións correctivas-preventivas) x 100  Un desvío en prazo de máis de 6 meses determínase como intolerable.	Puntos porcentuais	< 75%	CSS	Trimestral